



Concello de O Incio

Resolución da Alcaldía – Presidencia

Expediente núm: 364/2017

Procedemento: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE UN AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR – PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

DONA LAURA CELEIRO GARCÍA // En O Incio, na data da sinatura.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso para a contratación laboral temporal por obra ou servizo de duración determinada de UN AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, durante o período de un (1) ano, a xornada completa, coa finalidade de garantir a correcta prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrencia e proceder a dar de alta no dito servizo aos usuarios que na actualidade están en lista de agarda.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 26/09/2017 e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos da convocatoria referenciada:

A) RELACIÓN ASPIRANTES ADMITIDOS.

APELIDOS	NOME	DNI
CASAS FERNANDEZ	ANA M ^a	34271046-B

B) RELACIÓN ASPIRANTES EXCLUIDOS.

Ningún.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal o vindeiro día 17 de outubro de 2017 ás 10:30 horas na Casa do Concello, para proceder á súa constitución e valoración dos méritos alegados pola aspirante.

TERCEIRO.- Citar á aspirante o vindeiro día **17 de outubro de 2017, ás 11:00 horas** na Casa do Concello, para proceder á realización da entrevista. A aspirante deberá vir provista do DNI ou documento equivalente.

CUARTO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web <http://www.concellooincio.es>, coa indicación que contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses,

Concello de O Incio



Concello de O Incio

contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, con carácter previo, contra a presente resolución poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, no prazo de un mes, contados desde o día seguinte o da publicación do presente acto, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente.

Mándao e asíno a Alcaldía – Presidencia, en O Incio; do que, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)